

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

EXPEDIENTE	2025060888
ASUNTO	Campamentos A Lanzada 2026
TRÁMITE	Aprobación da lista provisional de menores admitidos e excluídos para o sorteo das prazas ofertadas no programa

O deputado delegado de Reto Demográfico, Xuventude e Desenvolvemento Rural e Cultura, de conformidade co establecido na Resolución Presidencial (RP) núm. 2025008021, de 3 de outubro de 2025, de delegación de atribucións do presidente, e no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte **RESOLUCIÓN**:

- **ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS:**

Primeiro. A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Xuventude e Reto demográfico, organiza os Campamentos A Lanzada 2026, que se desenvolverán no Centro de Vacacións da Lanzada, e no que poderán participar ata un máximo de 1.540 rapazas e rapaces.

A Xunta de Goberno da Deputación aprobou, na súa sesión ordinaria do 30 de xaneiro de 2026, as bases que regulan o procedemento de admisión nos campamentos, as cales foron publicadas no BOPPO do 23 de febreiro de 2026. O prazo de presentación de solicitudes estivo aberto dende o 2 ata o 20 de marzo de 2026.

Segundo. O Servizo de Xuventude e Reto demográfico encargouse de tramitar e revisar todas as solicitudes presentadas. Consta no expediente a relación provisional de menores admitidos e excluídos para participar no sorteo (CSV: HLD8VE68W1G8X4GM).

Terceiro. Finalizada a tramitación das solicitudes, e de acordo co establecido na base décimo terceira da convocatoria, procederase á publicación da resolución provisional de persoas admitidas e excluídas para participar no sorteo, na páxina web e na Sede electrónica da Deputación.

En virtude do disposto nas bases reguladoras “(...) concederáse un prazo de dez (10) días hábiles para emendar os erros da solicitude, achegar a documentación requirida que falte, comunicar defectos que se detecten nos datos mecanizados ou denunciar que unha solicitude non foi publicada (...)”.

De conformidade co artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, cando concorran razóns de interese público poderá acordarse a aplicación ao procedemento da tramitación de urxencia, coa conseguinte redución á metade dos prazos establecidos.



No presente procedemento concorren razóns de interese público que xustifican a devandita tramitación de urxencia, dado que resulta necesario axilizar a súa tramitación para respectar os prazos previstos para o inicio e execución do programa, garantindo así a súa viabilidade. Por todo elo, é necesario reducir o prazo de emenda a 5 días hábiles.

En virtude das competencias delegadas pola Presidencia e, consonte ao exposto, segundo o establecido no artigo 36.1.d, da Lei de Bases de Réxime Local, e no artigo 109.1.d, da Lei 5/1997 de 22 de xullo da Administración Local de Galicia, **RESOLVO:**

Primeiro. Aprobar a relación provisional dos menores admitidos e excluídos para participar no sorteo das prazas ofertadas nos Campamentos A Lanzada 2026.

Segundo. Conceder, por motivos de urxencia, un prazo de 5 días hábiles, contados a partir do día hábil seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web, para emendar os erros da solicitude, achegar a documentación requirida que falte, comunicar defectos que se detecten nos datos mecanizados ou denunciar que unha solicitude non foi publicada.

Terceiro. Publicar esta resolución na páxina web e a relación provisional na Sede electrónica da Deputación.

De conformidade co establecido na base décimo terceira, as persoas interesadas poderán acceder aos datos do expediente da súa solicitude de participación a través da modalidade en liña (mediante a utilización dalgún dos sistemas de identificación admitidos pola Sede electrónica) ou de forma presencial (introducindo o código de acceso enviado por SMS ao teléfono móbil para os efectos de avisos que indicou na solicitude).

Asinado dixitalmente na marxe.

